

## Á MESA DO CONGRESO

**Verónica M. Barbero**, deputada e portavoz do **Grupo Parlamentario Plurinacional SUMAR**, e **Manuel Lago**, deputado do **Grupo Parlamentario Plurinacional SUMAR**, ao amparo do disposto no artigo 185 do Regulamento da Cámara, presentan as seguintes preguntas para as que solicitan resposta por ESCRITO.

A senda litoral de Moaña é un proxecto que permitiría crear un paseo accesible e continuo dende o Con ata Meira, de aproximadamente 5 km, no Concello de Moaña, na provincia de Pontevedra.

Segundo a información dispoñible, o Concello ten una concesión de 15 anos, prorrogable a 30, do servizo de costas, para rematar esta senda litoral de Moaña.

Concretamente, o tramo suxeito a concesión atópase o final da rúa Concepción Arenal dende o centro de saúde ata a entrada de Moaña, e ten aproximadamente 150 m, unha boa parte deles xa foron liberados de construcións os últimos anos.

Quedan en total 4 propietarios en ceder os 6 m que se corresponden coa servidume de tránsito sobre a que discurriría o paseo, pero parte destes propietarios néganse, e fan un uso privativo destes terreos; un deles, incluso, está a enriquecerse con esta actitude, pois úsao como terraza anexa a unha cafetería (descoñecemos si abóa as taxas correspondentes).


Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario Plurinacional Sumar, presenta as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno para as que solicita resposta escrita:

- ¿Ten constancia o servizo de costas desta situación?
- De ter constancia, ¿ten pensado o servizo de costas aplicar as medidas necesarias para recuperar e deixar expédita a franxa de servidume de protección?


- O feito de ter dada a "concesión" por quince anos de ditos terreos ao Concello de Moaña, ¿non debería levar implícito que estes estean libres de ocupación?

Congreso dos Deputados, 26 de febreiro de 2025

**Verónica M. Barbero**



**Manuel Lago**



Grupo Parlamentario Plurinacional SUMAR